## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

**Nome e apelidos**

**Dirección** **Tlf:**

**Obras a interpretar no "Curso de guitarra Rafael Padrón"**
2 Clases - 45 minutos

**Activo** ☐

**Oínte** ☐

**Estudos realizados**

## CALENDARIO DO CURSO

**Martes, 23 de Outubro de 2007**
**Curso - Aula de Cámara 1**

**Mércores, 24 de Outubro de 2007**
**Concerto - Auditorio - 8:15h**

**Xoves, 25 de Outubro de 2007**
**Curso - Aula de Cámara 1**

4:00 - 4:45
4:45 - 5:30
5:30 - 6:15
6:15 - 7:00
7:00 - 7:30
7:30 - 8:15
8:15 - 9:00
9:00 - 9:45

Clases · Concerto · Pausa

---

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA**
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

# Curso de Guitarra

23,24 e 25 Outubro 2007

# Rafael Padrón

**Profesor do Conservatorio de Miami, USA**



**Martes, 23 de Outubro de 2007 - Curso - 4H a 9:45H**
**Mércores, 24 de Outubro de 2007 - Concerto - 8:15 H**
**Xoves, 25 de Outubro de 2007 - Curso - 4H a 9:45H**

"Rafael Padrón ten un dominio sólido da técnica da guitarra clásica, combinado cunha presencia xenial no escenario ... "
The Washington Post

Rafael Padrón naceu na Habana, Cuba. Aos 11 anos comezou a estudar a guitarra obtendo en 1991 a licenciatura polo Instituto Superior de Arte da Habana. No ano 2000 recibe unha bolsa de estudos para ir a Baltimore e formarse baixo a tutela de Manuel Barrueco.

Ten o terceiro premio do Concurso de guitarra da Habana e mellor interpretación de música latinoamericana. Diploma de Honra do concurso Viña del Mar, Chile e premio Montpelier Recital Competitions.

Padrón ofreceu concertos por Estados Unidos, España e Xapón presentándose entre outros lugares na "Casa das Americas" e "Sala Avellaneda" do Teatro Nacional de Cuba. "Teatro Municipal", Viña del Mar, Chile. "Teatro Teresa Carreño", Caracas, Venezuela. "Teatro Nacional", San José, Costa Rica. "Lincoln Center", Washington D.C. e "Sala Weill" do Carnegie Hall, Nova Iorque.

Este músico cubano participou en numerosos festivais coma: Festival de Guitarra da Habana, Cuba. Festival Internacional de Música do Hatillo, Venezuela. Festival Internacional de Guitarra de Costa Rica. Festival Internacional de Guitarra de Panamá. Festival de Música Independencia en Costa Rica e Festival da Laguna en Tenerife, España. Festival Internacional de Guitarra de Miami, Estados Unidos, Festival Internacional de Guitarra de Rust, Austria, e Festival Internacional de Guitarra de Brno, República Checa.

Rafael Padrón tamén tocou como solista coa Orquesta Sinfónica de Matanzas, Cuba. Orquesta Sinfónica "Gran Mariscal de Ayacucho". "Orquesta de Cámara de Caracas", Caracas, Venezuela. "Camerata Latinoamericana", Costa Rica. "Orquesta Sinfónica Independencia" e "Orquesta Panamericana", Washington D.C. Estados Unidos e a "Orquesta Sinfónica do Novo Mundo" (New World Symphony Orchestra), Miami, Estados Unidos.

Actualmente é profesor do Conservatorio de Miami.

http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalsantiago
http://www.rafaelpadron.com
http://pmclassical.com

## MATRÍCULA

As prazas e horarios asignaranse por rigorosa orde de inscrición cun máximo de 7 alumnos activos.

Alumnos activos:
60 euros
Alumnos oíntes:
20 euros

Dúas clases de 45 minutos de duración. Diploma

Número de Conta: CAIXA NOVA
2080-0540-46-0040001591

Os interesados deberán enviar o boletín de inscrición e o resgardo do ingreso na conta á secretaría do curso.

Límite de inscrición - Luns, 22 de Outubro de 2007.

## CONTIDOS DO CURSO

Orientado aos alunos de Grao Elemental, Grao Medio e Superior.
Traballaránse obras desde o Renacemento á actualidade, nos aspectos técnicos e interpretativos.

## CONTACTO: Departamento de guitarra

José Manuel Dapena - 608 834230 - jose@manueldapena.com

SECRETARIA do "Curso de guitarra Rafael Padrón"

Conservatorio Santiago de Compostela
Rúa Monte dos Postes s/n - 15703 Santiago de Compostela
981 519845 - cmus.santiago@edu.xunta.es

PM CLASSICAL

Xunta de Galicia
Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Copyright © 2007 Xunta de Galicia - Conservatorio Santiago de Compostela